

PROGRAMACIÓN 22-23  
4ºESO  
EDUCACIÓN PLÁSTICA,  
VISUAL E AUDIOVISUAL  
-EPVA-

Xefa de Departamento  
María del Carmen Outón Argibay

## Índice

<b>1.</b> Introducción e contextualización	páxina 4
<b>2.</b> Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	
Perfil de competencias 4º ESO	páxina 6
<b>3.</b> Concreción dos obxectivos para cada curso	
4º ESO	páxina 8
<b>4.</b> Temporalización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.	
4º ESO	páxina 11
<b>5.</b> Concrecións metodolóxicas que require a materia.	
4º ESO	páxina 17
<b>6.</b> Materiais e recursos didácticos.	
4º ESO	páxina 19
<b>7.</b> Criterios de cualificación e promoción do alumnado.	
4º ESO	páxina 19
<b>8.</b> Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	
4º ESO	páxina 22
<b>9.</b> Plan de seguimento e recuperación de materias pendentes.	
3º ESO	Páxina 23

<b>11.</b> Deseño da avaliación inicial.	
4º ESO	páxina 23
<b>12.</b> Medidas de atención á diversidade.	
4º ESO	páxina 24
<b>13.</b> Concreción dos elementos transversáis que se traballarán no curso.	
4º ESO	páxina 25
<b>14.</b> Actividades complementarias e extraescolares programadas para o curso.	
4º ESO	páxina 25
<b>15.</b> Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	
4º ESO	páxina 26

## **PUNTO 1.** INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A procedencia do alumnado é maioritariamente da vila do Grove, das parroquias de San Vicente e San Martiño. Esta procedencia xeográfica, ademais do grupo socioeconómico ao que pertencen.

Canto ao seu grupo socioeconómico, debemos salientar o predominio do sector servizos relacionado coa hostalaría, ao tratarse dunha zona turística, e o sector primario ao que se adscriben os labores de marisqueo e pesca.

Neste curso a comunidade escolar do IES As Bizocas está formada por aproximadamente 180 alumnas/os.

O Dto de EPVA imparte clase a tres grupos de 1º ESO, de 14,16 e 18 persoas cada un, dous grupos de 3º ESO, de 21 e 21, e un grupo de 4º ESO de 11 persoas.

Esta asignatura conta este curso con tres horas á semá para impartir a programación en 1º e 4º de ESO, e dúas en 3º ESO.

O alumnado de 4º ESO ten como principal cualidade o feito de que é de carácter voluntario, optativo. Isto fai que a motivación soa ser maior, o que repercute no feito de que se acaden cotas de aprendizaxe mais altas. Isto, xunto có feito de que son 3 horas á semá faino moi alentador

<b>Alumnado de EPVA para o curso 20-21</b>			
<b>CURSO</b>	<b>TOTAL</b>	<b>REPETIDORES</b>	<b>PENDENTES</b>
<b>1ºESO A</b>	14	2	0
<b>1ºESO B</b>	16	2	0
<b>1ºESO C</b>	18	2	0
<b>3ºESO A</b>	21	2	0
<b>3ºESO B</b>	21	2	0
<b>4ºESO</b>	11	1	1
	<b>101</b>	<b>11</b>	<b>1</b>

## 4º ESO

### PUNTO 2. PERFIL COMPETENCIAL EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	
Estándares de aprendizaxe			Tipo	Competencia Clave
4º-EPVAB1.1.1 - Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.			Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.2.1 - Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.			Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.2.2 - Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.			Transversal	EO
4º-EPVAB1.2.3 - Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.			Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.3.1 - Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.			Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.3.2 - Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.			Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.4.1 - Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.			Transversal	CSC
4º-EPVAB1.5.1 - Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.			Transversal	EO
4º-EPVAB1.5.2 - Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.			Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais

4ºEPEVB2.1.1- Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo.	Transversal	EO
4º-EPVAB2.1.2 - Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.1.3 - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	Específico de Materia	CMCT

4º-EPVAB2.1.4 - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.1 - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.2 - Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.3 - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.4 - Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.3.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.1.1- Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.1.2 - Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	Transversal	EO
4º-EPVAB3.2.1- Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.1 - Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Transversal da materia	PMT
4º-EPVAB3.3.2 - Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.3 - Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.4 - Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.5 - Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	Transversal	TG
4º-EPVAB4.1.1 - Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.1.2 - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais

4º-EPVAB4.2.1 - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.2.2 - Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.2.3 - Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	Transversal	PMT
4º-EPVAB4.3.1 - Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.3.2 - Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	Transversal de Materia	PMT
4º-EPVAB4.3.3 - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	Transversal de Materia	PMT
4º-EPVAB4.4.1 - Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	Transversal	EO

### **PUNTO 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO**

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
-------	---------------------------	---------	--

En principio non imos desenvolver este punto xa que o propio currículo oficial recolle para cada EA cal é o obxectivo de etapa co que está vinculado.

A continuación preséntanse as rúbricas que se van empregar en 4ºESO para levar a cabo a avaliación de competencias.

## RÚBRICA PARA EVALUAR a competencia social e cívica en EPEVA

EPEVA_R1_CSC	0	1	2	3
<b>CONTRIBÚE ÁS METAS DO GRUPO</b>	Contribue có logro das metas soamente cando se lle pide	Contribúe ocasionalmente ao logro das metas	Contribúe ao logro das metas sen que se lle pida aceptando e cumprindo o seu rol dentro do grupo	Traballa activa e conscientemente para o logro das metas aceptando o cumprindo o seu rol dentro do grupo
<b>CONSIDERACIÓN HACIA OS DEMAIS</b>	Necesita que se lle lembre ocasionalmente ser coidadoso cós sentimentos dos demais	Amosa coidadeo cós sentimentos dos demais	Demostra e expresa sensibilidade hacia os demais alentándoos a participar	Demostra sensibilidade hacia os sentimentos e necesidades de aprendizaxe dos demais. Valora o coñecemento e habilidades dos outros membros do grupo alentándoos a participar
<b>CONTRIBUCIÓN DE COÑECEMENTO</b>	Contribúe con información soamente cando se lle pide	Contribúe con información ocasionalmente cando se lle pide ou se lle lembra facelo	Contribúe con información e habilidades sen ter que pedirlo.	Contribúe conscientemente e activamente con información, opinións e habilidades sen ter que solicitarlo.
<b>TRABALLO E HABILIDADE PARA COMPARTIR COS DEMAIS</b>	Contribúe en realizar os cambios necesarios soamente cando se lle pide pero sempre ou casi sempre deixa que os demais fagan o traballo	Participa ocasionalmente en realizar os cambios necesarios cando se lle pide pero sempre necesita que se lle lembre o que debe facer	Participa voluntariamente en realizar os cambios. Xeralmente realiza o traballo asignado e poucas veces necesita que se lle lembre	Axuda ao grupo a identificar os cambios necesarios e alenta ao grupo para realizalos. Sempre realiza o traballo asignado e njnca precisa que se lle lembre.



## RÚBRICA CAA EPEVA

EPEV_R2_CAA	0	1	2	3
<b>Responsabilidade e materiais</b>	Raramente utiliza o material de xeito responsable	Non ten plena conciencia da necesidade de aproveitar o material no taller.	Fai un bó aproveitamento do material na maior parte das ocasións.	Fai sempre un aproveitamento idóneo do material no taller.
<b>Creación presentación</b>	Realiza un traballo artístico que necesita ser revisado e realizado novamente.	Realiza un traballo artístico que ocasionalmente necesita ser revisado.	Realiza un traballo artístico de calidade aceptable.	Realiza un traballo artístico da máis alta calidade.
<b>Uso adecuado das ferramentas</b>	Fai un uso irresponsable das ferramentas no taller.	Fai un uso ocasionalmente irresponsable das ferramentas no taller.	Fai un uso responsable das ferramentas no taller.	Fai sempre un uso moi responsable das ferramentas propias deste taller.
<b>Cumprimento das normas do taller</b>	Raramente cumpre as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre nalgunhas ocasións as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre na maior parte das ocasións as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre constantemente as normas de funcionamento e seguridade no taller.

RÚBRICA PARA EVALUAR A COMPETENCIA en CCEC EN EPEVA				
EPEVA_R3_CCEC	0	1	2	3
1.- Percibe , comprende e enriquecese con diferentes realidades e produccóns do mundo do arte e da cultura.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
2.- Pon en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
3.- Coñece as principais técnicas , recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre

\* Nesta rúbrica a nota máxima poderá sumar 9, pero considerarase como un 10.

#### **PUNTO 4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE**

Para o alumnado de 4ESO é preciso realizar unha adaptación no que se refire aos estándares de aprendizaxe debido a que se trata dunha materia que o alumnado cursou de xeito presencial só durante os dous primeiros trimestres do curso pasado. Desta maneira quedaron unha serie de estándares sen impartir, que serán precisamente aqueles que se traballen en primeiro lugar neste curso e que se recollen na seguinte táboa.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA		MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	
Estándares de aprendizaxe	Tipo	Grao Mínimo	Temporalización	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	

**BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA (4ESO)**

4º-EPVAB1.1.1 - Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	Específico de Materia	Crea unha composición artística sabendo usar os elementos básicos da linguaxe visual	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Prueba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB1.2.1 - Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	Específico de Materia	Sabe aplicar as leis da composición para crear unha imaxe cun ritmo de lectura determinado.	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Prueba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB1.2.2 - Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
4º-EPVAB1.2.3 - Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	Específico de Materia	Cambia o significado dunha imaxe por medio dunha cor	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación
4º-EPVAB1.3.1 - Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	Específico de Materia	Elixo con propiedade o material máis axeitado para realizar un proxecto artístico	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB.1.3.2 - Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Específico de Materia	Mantén o seu espazo de traballo e material en perfecto estado e tráeo á aula cando é necesario para o correcto seguimento das clases	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática INSTRUMENTOS: Lista de control
4º-EPVAB1.4.1 - Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPVU_R2_CSC

4º-EPVAB1.5.1 - Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
---	-------------	---------------------------------	--------------	--

materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.				
4º-EPVAB1.5.2 - Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	Específico de Materia	Recoñece 5 obras de arte e as sitúa no período a que pertencen	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva

**BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO**

4ºEPEVB2.1.1- Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
4º-EPVAB2.1.2 - Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico	Específico de Materia	Traza un cuadrilátero regular coñecendo o lado utilizando con precisión as ferramentas de debuxo técnico	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
4º-EPVAB2.1.3 - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	Específico de Materia	Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB2.1.4 - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	Específico de Materia	Analiza problemas de formas xeométricas planas e o aplica á creación de deseños persoais	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB2.2.1 - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	Específico de Materia	É capaz de visualizar figuras a partir das súas vistas principais	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
4º-EPVAB2.2.2 - Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Específico de Materia	Recoñece as vistas principais a partir de figuras 3d sinxelas	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: proba específica INSTRUMENTOS: proba obxetiva

4º-EPVAB2.2.3 - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Específico de Materia	Reproduce formas 3d mediante o tipo de perspectiva mais axeitado	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: análise de produccions do alumnado INSTRUMENTOS: resolucions de exercicios
4º-EPVAB2.2.4 - Realiza perspectivas cónicas	Específico	Debuxa perspectivas cónicas, tanto a	1º	PROCEDEMENTOS: análise de produccions do

frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	de Materia	frontal coma o oblicua, de figuras 3d	Trimestre	alumnado INSTRUMENTOS: resolución de exercicios
4º-EPVAB2.3.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Específico de Materia	Fai deseños xeométricos sinxelos co programa GIMP	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Produccions do alumnado INSTRUMENTOS: resolución de exercicios de simulación

### BLOQUE 3: FUNDAMENTOS DO DESEÑO

4º-EPVAB3.1.1- Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual	Específico de Materia	Recoñece os elementos básicos da comunicación visual	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB3.1.2 - Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	Transversal	Obtén un 7 mínimo na rúbrica	2º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
4º-EPVAB3.2.1- Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño	Específico de Materia	Clasifica os obxectos según o tipo de deseño	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: proba específica INSTRUMENTOS: cuestionario
4º-EPVAB3.3.1 - Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	2º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT
4º-EPVAB3.3.2 - Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Específico de Materia	Planifica a realización da imaxe corporativa dunha empresa	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produccion do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB3.3.3 - Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a	Específico de Materia	Valora o traballo organizado e secuenciado de calquera proxecto, a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva

exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.				
4º-EPVAB3.3.4 - Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de	Específico de Materia	Manexo do GIMP para levar a cabo proxectos artísticos e de deseño	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Producións do alumnado. INSTRUMENTOS: resolución de exercicios de
deseño.				simulación
4º-EPVAB3.3.5 - Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	Transversal	Acada un 7 mínimo na rúbrica	2º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU_R4_CSC_
<b>BLOQUE 4: LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA</b>				
4º-EPVAB4.1.1 - Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Específico de Materia	Recoñece os tipos de plano e a súa capacidade expresiva na linguaxe cinematográfica	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Cuestionario
4º-EPVAB4.1.2 - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	Específico de Materia	Realiza un storyboard de 10 viñetas para unha secuencia dunha curta	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB4.2.1 - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Específico de Materia	Identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara nunha película	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: proba obxetiva
4º-EPVAB4.2.2 - Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Específico de Materia	Realiza fotografías tendo en conta criterios estéticos	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Produción artística
4º-EPVAB4.2.3 - Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU_R1_RMT
4º-EPVAB4.3.1 - Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Específico de Materia	Debuxa con programas de ordenador	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese

4º-EPVAB4.3.2 - Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráficoplástica.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT
4º-EPVAB4.3.3 - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT
4º-EPVAB4.4.1 - Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R3_EO

## PUNTO 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

As concrecións metodolóxicas das materias veñen contempladas no *artigo 11 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG 120 do 29 de xuño de 2015*).

A finalidade esencial da Educación Plástica Visual e Audiovisual é, por unha banda, dotar ao alumnado dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

A ensinanza e a aprendizaxe da área vense facilitados polo desenvolvemento intelectual desde o pensamento concreto ata o pensamento formal. A didáctica desta área debe partir da apreciación do máis próximo para chegar ao máis recuado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile o contorno visual e plástico en que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel importante as manifestacións da arte popular, que poden encontrarse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos cuxa análise e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que vive inmerso o alumnado e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos medios –cine, televisión, imaxe dixital, etc.–, deberá ser sempre o punto de partida da área.

O principal obxectivo da ensinanza da Educación Plástica e Visual é que o alumnado adquira a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saiba expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Ademais, a concreción da área contribuirá ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

- *Perceptivas e cognitivas*, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e investigar diversas técnicas plásticas e visuais.
- *Estéticas e creativas*, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.
- *Sociais e afectivas*, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con persoas e participar en actividades de grupo.
- *De planificación*, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos e revisar ao acabar cada unha das fases.

En suma, a Educación Plástica e Visual:



- Permite o desenvolvemento de actitudes e hábitos de análise e reflexión.
- Proporciona técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas.
- Fomenta o espírito crítico e a creatividade.
- Fai posible a captación da linguaxe das formas, contribuíndo ao desenvolvemento da sensibilidade.
  - Permite que se poida chegar a valorar e gozar do patrimonio artístico como expoñente da nosa memoria colectiva.
- Desenvolve a capacidade de abstracción para a comprensión de numerosos trazados e convencionalismos.
- Posibilita a adquisición de destrezas vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración dos traballos.

A educación é un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesora e alumn@ permite a aprendizaxe significativa. O alumn@ convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía que asegure que o alumn@ poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a Educación Plástica e Visual contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un enfoque curricular coherente e integrador entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos. – Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade. Esta é unha ensinanza activa con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións en vez de esperar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na busca sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais do contorno.
- Identificación e comparación de texturas do contorno.
- Descricións, comparacións e representación de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación cos recursos ambientais e materiais teremos en conta que no noso contexto cultural, gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

Utilizaranse varios métodos didácticos, mesturándoos:

- **Interrogativo:** preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- **Indutivo:** partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- **Dedutivo:** aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- **Investigativo:** propiciar procesos de busca e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- **Dialéctico:** chegar a conclusións tras sucesivas fases de análise e síntese entre todos.

Todo o exposto anteriormente refírese a unha situación de clases presenciais. No suposto de que fose necesaria, como no terceiro trimestre do curso anterior, unha suspensión da presencialidade, o desenvolvemento da materia tería lugar a partires de dous elementos básicos:

- **Aula Virtual (moodle)**, como elemento de intercambio de información entre alumnado e profesor. Tódolos contidos e materiais precisos para o alumnado serán proporcionados polo profesor a través da aula virtual. Do mesmo modo, as tarefas, traballos e incluso probas telemáticas, serán realizadas polo alumnado a través da mesma aula virtual.

- **Videoconferencias** (Cisco Webex ou a plataforma que no seu caso proporcione a Consellería de Educación) entre o profesor e o alumnado do grupo para impartir os contidos e resolver as dúbidas coa periodicidade que estableza no seu caso o equipo directivo do centro para acadar o máximo aproveitamento posible do tempo e dos recursos.

## PUNTO 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

En canto aos materiais específicos necesarios para o desenvolvemento da materia serían os seguintes:

- Libro de texto . Editorial SM, CELME.
- Caderno tamaño DIN A3. Editorial SM, CELME.
- Recursos informáticos de diversos tipos:
  - **Software:** LibreCAD (debuxo técnico), GIMP (retoque de imaxes), de libre configuración
  - **Recursos interactivos** dispoñibles en internet.
  - **Videos** de carácter divulgativo.
  - **Presentacións** dispoñibles en internet
- **Materiais de taller:** a aula taller de EPEVA dispón de:
  - tres piletas de porcelana con auga corrente
  - tres dispensadores de xabón
  - un armario para o almacenaxe, baixo chave, de traballos en proceso de elaboración de cada alumna/o ◦ 12 mesas de debuxo técnico.
  - 21 pupitres.
  - reproducións, 4, de esculturas clásicas en escaiola.
  - Un ordenador
  - un proxector
  - pendente de montar: unha pantalla de proxección
  - un corcho que cubre a parede do fondo do taller
  - material funxible para os proxectos nos que precisemos pintar con pincéis:
    - plantillas (escuadra e cartabón)
    - compás
    - témperas
    - pinceis de distintos grosos e durezas,
    - cúters.
  - táboas de madeira para protexer as mesas de debuxo cando se procede a poñer en práctica técnicas que poidesen dañalas.

## PUNTO 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EPEVA 4º ESO

GRUPO EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
----------	----------------------------	---------------------------

ESPECÍFICOS DA MATERIA	- PORTFOLIO (40%) - PROBAS ESPECÍFICAS (30%) - OBSERVACIÓN DIRECTA(10%) (LISTA DE CONTROL)	80 %
CSC	EPEV_R1_CSC	8 %
CAA	EPEV_R2_CAA	7 %
CCEC	EPEV_R3_CCEC	5 %

\* Esta distribución de pesos das distintas competencias pode presentar algunha variación en función do desenvolvemento das clases en cada grupo específico de alumnado.

\* No caso de descubrir a unha persoa copiando nunha proba escrita se lle anularía e nesta porcentaxe levaría 0% a sumar cō resto. Se lle da para aprobar xa pode quedar así. En caso de que queira poder presentarse á proba escrita de recuperación que terá lugar no escomezo do seguinte trimestre, a mesma oportunidade que se lle da o resto do alumnado do seu grupo.

\* Estos criterios serán válidos para cada unha das tres avaliacións.

\*Haberá posibilidade de recuperación de cada unha das tres avaliacións mediante a entrega de traballos pendentes ou realizados incorrectamente ou ben mediante unha proba escrita.

- **A nota da terceira avaliación** parcial obterase da mesma forma que a da primeira e segunda avaliacións parciais, é dicir, como a **media ponderada** de:
  1. Probas escritas dos temas impartidos no trimestre (50%)
  2. Exercicios de carácter práctico, etc (40%)
  3. Observación directa (10%)
- A terceira avaliación poderá, ao igual que as dúas primeiras, recuperarse antes do remate das clases en xuño.
- A nota da **avaliación final de xuño** será a media aritmética das tres avaliacións. Para obter unha **calificación positiva** da materia na **avaliación final** a **media**

**aritmética** das **tres avaliacións**, incluíndo as posibles modificacións das recuperacións, debe ser **igual ou superior a 5**.

En todos os casos, os criterios de corrección e cualificación das probas e tarefas serán os que xa figuran na programación da materia e para obter a nota da avaliación final e aplicarase o **redondeo á alza a partir de cinco décimas**.

### **PUNTO 8 . INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

Farase un seguimento periódico de todo o proceso de traballo no desenvolvemento da materia, de maneira que se poidan analizar as súas características os acertos os erros e as posibles modificacións que permitan a súa mellora.

Parte deste seguimento quedará reflectido nas actas de reunións periódica de departamento, nas que se fará un estudo máis pormenorizado de resultados académicos, por cursos, a final de trimestre, de cara a reflexionar sobre posibles cambios de mellora ou incidir máis en aspectos relevantes da materia que puideran quedar insuficientemente desenvolvidos.

### **PUNTO 9 . SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

@ alumnad@ que teña pendente de superación a materia de 3º ESO se lles propondrá o seguinte plan de traballo:

a) Entrega de tres traballos escritos en decembro, febreiro e abril nos que @ alumn@ desenvolverá a partir dun guión que se lle proporciona, distintos aspectos salientables da materia.

Paralelamente, @ alumn@ resolverá tamén tres boletíns de exercicios e problemas respecto a lectura de imaxes, creación de mensaxes visuais e representación gráfica.

Farase un seguimento destas actividades con reunións có alumnado implicado que se celebrarán na biblioteca durante os recreos de varios mércores ao longo dos trimestres e nas que poden consultar as dúbidas que se presenten.

Finalmente, no mes de maio @ alumn@ deberá presentarse a unha proba escrita cuxos aspectos máis salientables serán seleccionados a partires dos traballos e boletíns que foi realizando ao longo do curso. Será preciso a obtención dunha nota de 5 para recuperar a materia pendente.

En caso contrario, @ alumn@ disporá dunha nova convocatoria no mes de setembro.

## **PUNTO 11 . DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL**

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

**1ª PREGUNTA:** Servíndote da gama de cores que creas conveniente, crea unha composición abstracta que transmita sensación de festa, de alegría.

**2º PREGUNTA:** Fai un debuxo a base de liñas onduladas e coloréao cunha gama acromática, con varios tons de grises, branco e negro. Indica despois a sensación que transmite.

**3ª PREGUNTA:** Elabora unha composición con figuras xeométricas (por exemplo, círculos ou triángulos). Divide a túa composición pola metade e colorea as figuras da esquerda con cores primarias e as da parte dereita con cores secundarias. Utiliza lápices de cores.

**4ª PREGUNTA:** Debuxa cun rotulador ou lápiz de cor vermello as liñas de fuga e a liña do horizonte sobre a imaxe. Determina o punto de fuga sobre o horizonte. **5ª**

**PREGUNTA:** Identifica nas seguintes imaxes os elementos da comunicación visual: emisor, receptor, mensaxe, medio, así como o código que se utiliza.

**6ª PREGUNTA:** Realiza unha composición a base de puntos de diversas formas, tamaños e cores, de maneira que produza sensación de profundidade espacial.

**7ª PREGUNTA:** Traza unha cuadrícula, coa axuda da escuadra e do cartabón, trazando rectas paralelas e perpendiculares. (non ten que encher todo o recuadro, pero sí ser cuadrícula regular)

8ª PREGUNTA: Traza unha circunferencia e, dentro dela, debuxa unha figura con simetría radial a partir dun polígono estrelado de seis puntas. Colorea o resultado de forma simétrica!

9ª PREGUNTA: Fíxate nas imaxes das pinturas e identifica cal amosa formas orgánicas e cal xeométricas.

10ª PREGUNTA: Observa a seguinte fotografía e interprétaa, reproducéaa, usando só formas simplificadas e esquemáticas. Podes usar cores.

### **PUNTO 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

<b>NIVEL</b>	<b>4º SECUNDARIA OBLIGATORIA</b>	<b>MATERIA</b>	<b>Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)</b>
--------------	--------------------------------------	----------------	--

A diversidade do alumnado resolverase nesta materia dentro da aula, en función das posibilidades que permita o número de alumnos e os seus distintos niveis e capacidades, que terán que ser abordadas por un só profesor. Basicamente tratarase de enfrontarse ás diferenzas mediante un trato personalizado dentro da aula e dando á materia un forte compoñente procedimental, de forma que se poidan resolver as dúbidas e problemas sobre a marcha e dentro do horario escolar.

Intentarase, mediante o desenvolvemento de exercicios prácticos iguais ou similares, que cada un faga as súas contribucións, segundo as súas calidades e tendo flexibilidade na obtención de resultados de maneira que, dentro do posible, a clase poida funcionar con variedade de ritmos de traballo e que a obtención dos resultados poida aproximarse ós distintos niveis detectados e a valoración final teña máis que ver co esforzo desenvolvido que co resultado obtido, sempre que se acade un nivel mínimo.

Non se contempla, en termos xerais, o emprego de distintos tipos de exercicios para os diferentes niveis detectados na clase, as prácticas nesta materia poden abordarse de formas moi distintas e acadando resultados moi diferentes, flexibilidade que pode adaptarse a moitos tipos de alumn@.

O que sí considero interesante e que pode axudar moito é a forma de agrupar ó alumnado, de maneira que a combinación de distintos niveis nun mesmo grupo, nunha materia tan visual, se se fomenta adecuadamente a colaboración, pode axudar moito a equilibrar e aproximar capacidades dispares.

### **PUNTO 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSÁIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.**

<b>NIVEL</b>	<b>4º SECUNDARIA OBLIGATORIA</b>	<b>MATERIA</b>	<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL</b>
--------------	----------------------------------	----------------	---

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal.

En relación coa educación para o consumo, analízanse criticamente as necesidades del consumo a traveso do coñecemento do deseño publicitario para intentar desenvolver unha actitude crítica e reflexiva ante os mensaxes que se reciben nos distintos medios.

Na educación ambiental pódense valorar as obras visuais creadas en relación co ambiente, analizando a mellora do contorno por medio de actuacións adecuadas. Tamén fomentárase a valoración e conservación do patrimonio cultural, sensibilizando ós alumnos a traveso dunha actitude crítica e reflexiva.

A igualdade de sexos fomentárase valorando por igual os criterios aportados por alumnas e alumnos, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que utiliza á muller como símbolo sexual.

Nesta materia tamén pódense abordar aspectos como a educación para a paz ou a saúde favorecendo a colaboración dos alumnos, o respecto polas opinións e solucións distintas das propias e o desenvolvemento emocional e a autoestima a traveso das capacidades expresivas e creativas.

### **PUNTO 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

<b>NIVEL</b>	<b>4º SECUNDARIA OBLIGATORIA</b>	<b>MATERIA</b>	<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL</b>
--------------	----------------------------------	----------------	---

As actividades complementarias centraríanse na realización de traballos creativos especiais que permitisen relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual do alumno. Podería tratarse da elaboración de propostas artísticas para temas relacionados co centro educativo, o barrio, a cidade, ou calquera outro contexto de interese que puidese xurdir.

Tamén abarcarían este tipo de actividades as saídas ó exterior para realizar visitas a obras de arte do contorno, cuestións relacionadas co patrimonio cultural ou exposicións de calquera tipo de representación artística, sempre que se considerase que ten interese educativo e pode ser apreciada e asimilada por alumnos das idades que comprende o sistema de ensinanza do que estamos tratando.

### **PUNTO 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

<b>NIVEL</b>	<b>4º SECUNDARIA OBLIGATORIA</b>	<b>MATERIA</b>	<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL</b>
--------------	----------------------------------	----------------	---

Durante todo o curso farase un seguimento do proceso de aplicación da programación de cara a avaliar os seus posibles acertos, erros ou modificacións que se considere necesario efectuar na mesma.

As incidencias académicas faranse constar nas actas de reunión periódica do departamento e farase unha análise continuada sobre múltiples aspectos da mesma, observando cuestións que non funcionen ben, creen confusión ou dificulten a comprensión dos detalles nos que se quere incidir, ou prácticas que non resulten suficientemente claras ou non produzan os resultados previstos.



Tamén se terá en conta a adaptación do temario ós tempos previstos para a súa execución, acurtando ou alongando aspectos do mesmo para axustalos ó programado, ou polo contrario modificando os tempos previstos na programación para darlle cabida a aspectos que non estaban previstos, pero que se observa o seu interese ó desenvolver o traballo de aula.

De todas as cuestións indicadas e doutras que poidan xurdir farase unha análise resumo a final de curso, para ver a forma de introducilos no seguinte ano, intentando encaixar os aspectos que se consideren relevantes, da mellor maneira posible na programación do curso vindeiro.